



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO:	NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL FIXO - LIMPIADOR/A XORNADA COMPLETA	
	EMPREGADO OBXECTO DE NOMEAMENTO:	MARIA TERESA RICO SOUTO - DNI XXX8380XX
	MODALIDADE DE CONTRATO:	CONTRATO DE TRABALLO INDEFINIDO (ARTIGO 15 TRET)
	MOTIVO:	PROCESO SELECTIVO DE ESTABILIZACIÓN DA PRAZA DE LIMPIADOR/A A XORNADA COMPLETA DE CONFORMIDADE ÁS BASES PUBLICADAS NO BOP DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NÚM. 236 DE DATA 15/12/2022 E SEGUNDO A ACTA DO TRIBUNAL AVALIADOR DE DATA 25/09/2023.

Tendo presente a finalización do prazo para a presentación de reclamacións ou alegacións ás puntuacións e proposta provisional de nomeamento da aspirante á praza de limpiador/a a xornada completa e de conformidade coas bases do proceso selectivo extraordinario de estabilización do emprego público temporal do Concello de Boimorto derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e da oferta de emprego público excepcional e extraordinaria anualidade 2022, aprobado por Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 07/12/2022 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 236 de data 15 de decembro de 2022.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Nomear como limpiadora a xornada completa ao empregado público en virtude do motivo e coa modalidade de contrato de traballo indefinido indicada no encabezado do presente decreto.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base décima da convocatoria á presentación pola interesada no prazo de 20 días naturais desde que se publique o presente decreto de nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste concello orixinais dos documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

SEGUNDO.- Transcorrido o prazo de 20 días naturais, ao día seguinte, procederase á formalización do correspondente contrato de traballo, sempre e cando a documentación achegada acredite ao aspirante dos requisitos e condicións anteditas.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boimorto.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu, Sr. Secretario deste Concello, dou fe e traslado.

